

PROFESORADO NA AULA

Ao oír a Alarma Acústica de Emerxencia e/ou a orde de evacuación:

- Cada profesor/a evacuará unicamente a aula que lle é asignada no seu horario de clase, cara o PUNTO DE ENCONTRO.
- Antes de iniciar a evacuación, previr posibles traballos que esté a realizar e que poidan ser orixe doutra emerxencia.
- De ter alumnado con mobilidade reducida, deberase asignar un ou dous compañeiros de apoio para que o axuden. No caso de non poder evacuar a dito alumnado (cadeiras de rodas ou con deficiencias grandes mentais ou físicas), cederá o seu alumnado ó profesor da aula contigua (ou a máis preto) e confinarase na súa clase con él (ver nota).
- A frase a expresar deberá ser corta e concreta:

“Existe unha Emerxencia Xeral e debemos desaloxar agora o centro; seguiremos unha orde ata chegar o punto exterior de encontro onde se dará máis información”.

- Para a evacuación da clase o alumnado colocárase en fila, que será encabezada polo/a delegado/a e finalizada polo/a profesor/a (de forma que quede controlada toda a clase). O profesorado contará ao alumnado que ten.
- O profesorado será o último en saír da clase, comprobar que non queda ninguén dentro (ollo con servizos, aseos, vestiarios...etc.) e confirmará que se cerran portas, ventás (se é posible) e corte de subministro eléctrico (en cadro se existe, ou senón corte do interruptor de iluminación) do aula e marcarase a clase evacuada e revisada (p.e. cunha cadeira na porta).
- As prioridades de evacuación entre as aulas serán as seguintes:
 - En cada planta terá prioridade de saída a aula que está máis próxima a saída exterior.
 - Entre plantas terá prioridade as plantas máis baixas con respecto as máis altas.
- Durante a evacuación, os diferentes grupos irán en fila, pegados ás paredes e nas zonas de escaleiras colocárase tamén pegados á parede (do lado oposto do oco da escaleira, que será o acceso os servizos de emerxencia).
- A evacuación dirixirase cara as vías de evacuación máis preto e seguras (siga criterios de sinalización de evacuación).
- Siga as pautas correctas dunha boa evacuación.

RECOMENDACIONES:

Guía de boas prácticas durante a evacuación

- **Manter a orde ó saír, non correr, non gritar e falar o menos posible.**
- **Axude e sexa solidario con aqueles que por calquera causa teñan diminuídas a súas facultades físicas (é convinte asignar alumnado que no caso de emerxencia puidesen axudarlle).**
- **Evite a curiosidade; e se a súa presenza non e necesaria non debe permanecer en zonas de conflito ou evacuación.**
- **Utilice as vías e portas de evacuación que están marcadas e sinalizadas, seguindo as indicacións e dirección da sinalización fotoluminiscente de evacuación)**
- **Non demorarse a recoller obxectos persoais.**
- **Non utilizar os ascensores nin ramplas mecánicas durante a evacuación.**
- **Realizar a evacuación a rentes do chan no caso de presenza de fumes.**
- **Se queda bloqueado nunha estancia, deixe as portas pechadas, abra as ventás e axite os brazos pedindo axuda.**

DIRIXIRSE Ó LUGAR DE REUNIÓN FIXADO E PERMANECER NEL HASTA RECIBIR INSTRUCCIÓNS.

NO PUNTO DE ENCONTRO:

- **Seguirá mantendo a fila en orde.**
- **Verificará contando que ten todo o alumnado que había na aula.**
- **Buscará ó membro de equipo de identificación e control (secretario ou xefe de estudos) que está con chaleco e transmitiralle que clase é e se están todo o alumnado así como outros datos de interese que vexa convinte.**
- **Manterá o alumnado controlado ata que o director transmita o fin da emerxencia.**

Nota:

No caso de ter alumnado no aula con dificultades de mobilidade física o psíquica, que impidan a súa evacuación deberá:

- Ceder os seu alumnado a un profeso/ar dunha aula adxacente (indicaralle ó número de alumnos/as que lle cede e que comunique no punto de control que el quedou con X alumnado de mobilidade reducida no aula.... da planta....).
- Establecerá un confinamento na aula, para iso:
 - Pechará as portas da súa dependencia, incluso mellor selando as rendixas das portas con: toallas, roupa...etc, e se pode ser empapado de auga mellor).
 - Abrirá as ventás de súa dependencia.
 - Fágase ver pola ventá e permaneza cerca dela.
 - Teña activo o móbil e espere instrucións que lle transmita o director ou os servizos de emerxencia exterior.

No caso de que ao querer evacuar a súa aula e vexa que lle é complicado porque o corredor está totalmente inundado de fume, e non ten vía alternativa, siga os mesmos criterios de confinamento.